



CIRCULAR 12-2020.

XXXI CAMPIONATO DE GALICIA DE MARCHA EN RUTA

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1) A Federación Galega de Atletismo e o Concello de Marín organizan o XXXI Campionato de Galicia de Marcha en ruta que terá lugar en Marín o vindeiro sábado día 1 de febreiro do 2020.

Art.2) Poderán participar todos os/as atletas das citadas categorías que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que teñan fichado ó longo da tempada actual por algún Club pertencente a Galicia.
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aínda que pertencen a Clubs doutras Comunidades Autónomas.
3. Atletas non galegos convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

**Segundo acordo de Asemblea os/as atletas estranxeiros/as maiores de 18 anos que non estean nacionalizados en España non poderán optar aos podios nos Campionatos de Galicia.*

Art.3).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, por acordo da Asemblea Xeral do 28 de decembro do 2019, a partir do 1 de xaneiro do 2020, existirá unha cota de inscrición de 3 Euros. Nestes casos, e pasado o prazo de 24 horas de publicadas as inscricións, calquera baixa non xustificada levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) ata as 20:00 horas do martes 28 de xaneiro.

Art.5) Entregaranse medallas ós/as tres primeiros/as atletas de cada categoría (Sub10, Sub12, Sub14, Sub16, Sub18, Sub20, Sub23, Absoluto e Máster) sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) Os/as atletas deberán utilizar os dous dorsais de forma totalmente visible no peito e por detrás, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación de cada dorsal.

Art. 7) Os/as atletas participantes, deberán pasar por cámara de chamadas con identificación que estará aberta entre media hora e un cuarto de hora antes da hora de saída da proba. Unha vez rematado este tempo, non se admitirá a participación do/a atleta agás casos debidamente xustificadas. O horario de cámara de chamadas poderá ser modificado en función do número de inscritos.



Art.8) Horario e distancias do Campionato:

| HORARIO XORNADA DE TARDE | | | |
|---------------------------------|---------------------|------------------|------------------|
| HORA | CATEGORÍA | SEXO | DISTANCIA |
| 16:45 | Sub23-Senior-Máster | Homes e mulleres | 10 Km |
| 16:45 | Sub18-Sub20 | Homes e mulleres | 10 Km |
| 17:00 | Sub12 | Homes e mulleres | 2 Km |
| 17:45 | Sub14 | Homes e mulleres | 3 Km |
| 18:00 | Sub16 | Homes e mulleres | 5 Km |
| 18:12 | Sub10 | Homes e mulleres | 1 Km |

Art.9).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicarase as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o/a atleta, previamente inscrito/a non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito/a, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@atletismo.gal) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos)
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.10).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e I.A.A.F. (W.A)

A Coruña, 16 de xaneiro de 2020



Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo